

## **MEMORIA PROPOSTA PARA A ADSCRICIÓN, EN COMISIÓN DE SERVIZOS, DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO Nº 15 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN**

**Primeiro.** -O posto de auxiliar administrativo nº 15 da Relación de Postos de Traballo da Institución, non está cuberto, por atópase a persoa adscrita ao mesmo por Resolución da Valedora do Pobo do 6 de xullo de 2022, ocupando en comisión de servizos de carácter temporal, o posto da Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior (posto nº 11 da Relación de Postos de Traballo)

**Segundo.**- As funcións do posto de traballo consisten na prestación de funcións de asistencia administrativa á Secretaría Xeral, á Coordinación e ás Xefaturas de Servizo da Institución, asistencia e apoio administrativo na elaboración, seguimento e ordenación dos expedientes de queixas, apoio administrativo na xestión e alimentación dos sistemas de tramitación de expedientes e bases de datos, a colaboración na recompilación e ordenación de información e elaboración de documentación derivada da actividade da Institución, colaboración na alimentación e explotación das fontes documentais, traballos de edición e transcripción, alimentación e consulta das bases de datos, actualización e consulta dos contidos da páxina web e aquelas funcións propias da súa categoría profesional que lle sexan encomendadas polos superiores xerárquicos en atención ao grao de especificidade, dificultade técnica, responsabilidade ou demais condicións particulares do posto, e calquera función análoga ás anteriores, ou de carácter instrumental, que lle sexa asignada para garantir o correcto desempeño das funcións da Institución.

A actividade da Institución esta en constante aumento, tal e como se reflicte no informe anual remitido ao Parlamento de Galicia no que consta que o número de asuntos aumentou de 3.936 a 3.958 no 2022, o de expedientes aumentou de 10.736 a 16.143, o número de actuacións pasou de 19.544 en 2021 a 25.551 no 2022. Así mesmo hai una importante Atención presencial (1.512 persoas no 2022, media mensual de 126) e telefónica 7.896 chamadas (media mensual 658), estado a tramitar no ano 2023, mais de 16.000 expedientes de queixa. Por estes motivos, o traballo do posto de auxiliar administrativo, non pode ser cuberto polo persoal que ocupa outros postos na Institución.

Ante esta situación faise necesaria a cobertura temporal da referida praza, de acordo co disposto no artigo 32 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.** O artigo 10. 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, establece que o persoal ao servizo da Institución dependerá orgánica, funcional e disciplinariamente do Valedor do Pobo e rexerá polas normas de réxime interior recollidas na súa disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

**Segundo.** O desenvolvemento da disposición adicional da Lei 6/1984, do 5 de xuño plasmasse no Regulamento de organización e funcionamento da Institución, que recolle no seu Título VI o réxime do Persoal ao seu servizo, sen que neste título se recollan previsións para a cobertura de postos con carácter temporal.

**Terceiro.-** O Estatuto do Parlamento de Galicia (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 11 de decembro de 2007) establece no seu artigo 32 que en casos excepcionais, poderáselles atribuír ao persoal funcionario o desempeño temporal en comisión de servizos, a realización de tarefas que, por razóns conxunturais, non poidan ser atendidas con suficiencia polos funcionarios ou funcionarias que desempeñen con carácter permanente os postos de traballo que teñan asignadas as ditas tarefas.

En todo caso, para o desempeño do posto de traballo en comisión de servizos voluntaria, o persoal funcionario deberá ser funcionario/a de carreira, pertencer ao corpo ou escala da praza que se pretende cubrir e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo e obter autorización na súa Administración de orixe para ocupar o posto en Comisión de servizos temporal.

**Cuarto.-** A cobertura do posto faise necesaria para a adecuada tramitación dos expedientes de queixa, principal función para a que se creou a Institución, na que dado o seu volume, que faise necesaria a súa cobertura temporal, de acordo co disposto no artigo 32 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

**Quinto.-** A Comisión de servizos finalizará na data na que se reincorpore ao posto a persoa adscrita ao mesmo por Resolución da Valedora do Pobo do 6 de xullo de 2022, ou se provea o posto mediante adscrición por concurso de méritos, tendo en caso contrario, unha duración dun ano, prorrogable por outro.

De acordo co anterior,

**Proponse:**

**Primeiro:** Iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade, o posto de auxiliar administrativo nº 15 da Relación de Postos de Traballo da Institución.

A comisión de servizos finalizará no momento no que se reincorpore ao posto a persoa adscrita ao mesmo por Resolución da Valedora do Pobo do 6 de xullo de 2022, ou se provea o posto mediante adscrición por concurso, tendo en caso contrario unha duración dun ano, prorrogable por outro.

**Segundo:** Publicar na páxina web da Institución a oferta para a adscrición en comisión de servizos do posto de traballo cuxas características se relacionan a continuación:

- Denominación: auxiliar administrativo nº 15 da Relación de Postos de Traballo da Institución.
- Requisitos: ser persoal funcionario de carreira Grupo D (C2), de calquera Administración pública.
- Nivel: 16
- Méritos que se valorarán: os establecidos no artigo 3 da Resolución da Valedora do Pobo, do 28 de novembro de 2023, pola que se aproban as bases xerais para as convocatorias para a adscrición, polo sistema de concurso de méritos, de persoal das administracións públicas, a postos de traballo vacantes na Relación de Postos de Traballo da Institución da Valedora do Pobo (BOPG nº 614, do 19 de decembro de 2023).

As solicitudes presentaranse única e exclusivamente polo procedemento establecido no artigo 5 da citada Resolución do 28 de novembro de 2023, dende a data da publicación do anuncio na web da Institución, e ata o 8 de xaneiro de 2024.

De considerarse necesario, requirirase mediante correo electrónico, a documentación acreditativa dos méritos alegados á persoa solicitante que obtivesen a maior puntuación declarada, que deberá presentala no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da remisión da solicitude por correo electrónico á dirección indicada pola persoa solicitante.

Os datos reflectidos na solicitude electrónica de participación no procedemento serán os únicos que se terán en conta para a valoración. Calquera dato omitido non poderá ser invocado para os efectos de futuras reclamacións, nin poderá considerarse por tal motivo, lesionados os seus intereses e/ou dereitos.

Os méritos e os requisitos específicos para o acceso ao posto deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no procedemento.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento, realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

**Terceiro:** Unha vez valorados os méritos alegados, elevarase polo Xefe do Servizo de Administración e Persoal, proposta de adscrición en comisión de servizos da persoa que obteña a maior puntuación, e a Valedora do Pobo ditará a resolución que proceda, que quedará condicionada á concesión da correspondente autorización da Administración de orixe da persoa seleccionada.

No caso de non obterse a autorización no prazo dun mes dende a solicitude, ditarase nova resolución de adscrición

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Santiago González Serrano

**Xefe do Servizo de Administración e Persoal**

**EXCMA SRA. VALEDORA DO POBO**